



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR EN NOVE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO**

### **Santiago de Compostela**

### **REUNIDOS**

#### **Dunha parte:**

- Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidades e Formación Profesional, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 96/2018, do 26 de setembro, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

#### **Doutra:**

- Martiño Noriega Sánchez, alcalde-presidente do concello de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación deste, en virtude das competencias que ten recoñecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 7 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e polo tanto,

### **EXPOÑEN**

I.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia declara no seu artigo 31 a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española.

Pola súa banda, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece e define as obrigas das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios, tales como os comedores escolares.

II.- Que o Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG número 154, do 13 de agosto) regula os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.



A referida norma contempla o comedor escolar como un servizo educativo de carácter complementario que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa.

A implantación do comedor escolar obedeceu nos seus inicios á necesidade de dar resposta á situación de desvantaxe social e económica de moitas familias, derivada da tradicional dispersión xeográfica galega, que dificultaba o acceso dos escolares á ensinanza, razón pola que se concibía unido ao transporte escolar. No momento actual, o comedor escolar está acadando novas virtualidades, derivadas da súa condición de medio básico na conciliación da vida laboral e familiar.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia da xestión pública e favorece a eliminación de duplicidades administrativas na xestión do comedor escolar.

III.- Que o Concello de Santiago de Compostela decidiu hai uns anos impulsar a xestión dos comedores escolares dos centros de educación infantil e primaria existentes no seu termo municipal, asumindo a organización dos mesmos e o seu financiamento, para o que contou coas correspondentes achegas económicas dos pais e nais do alumnado comensal en concepto de copago do servizo.

Naquel momento, a inquietude manifestada polo Concello de Santiago de Compostela contou coa aquiescencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que foi autorizando a apertura de comedores escolares nos CEIP Apóstolo Santiago, CEIP Ramón Cabanillas, CEIP Cardeal Quiroga Palacios, CEIP Roxos – Villestro, CEIP Monte dos Postes, CEIP Mestre Rodríguez Xixirei, CEIP Fontiñas, CEIP Vite I e CEIP Raíña Fabiola, facilitando para o efecto a actuación xestora municipal.

Con tal motivo e coa perspectiva outorgada polo tempo de desenvolvemento das actuacións referidas, a experiencia demostrou a súa eficacia e impacto positivo na comunidade educativa compostelana, dadas as específicas características poboacionais deste concello; con data do 23 de xullo de 2015 asinouse un convenio de colaboración para a xestión dos comedores escolares nos centros antes citados, con vixencia para os cursos 2015/2016 e 2016/2017.

Con data do 7 de xullo de 2017 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinou un convenio de colaboración para a xestión do comedor escolar nos ditos centros, con vixencia para os cursos 2017/2018 e 2018/2019.

Neste senso, tendo en conta os bos resultados acadados, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional quere unirse á aposta que realizou no seu día o Goberno





Municipal de Santiago de Compostela e neste tempo de crise económica persoal e social colaborar co concello, co fin de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral, contribuíndo á vez a fomentar a adquisición de hábitos nutricionais e hixiénicos saudables polos escolares.

IV.- Ante isto, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e o Concello de Santiago de Compostela, conscientes da importancia que para moitas familias do concello supón o comedor escolar como medio de conciliación da súa vida laboral e familiar, de acordo co previsto no artigo 2.1 d) do citado Decreto 132/2013, do 1 de agosto, consideran adecuado a sinatura dun convenio de colaboración para os cursos escolares 2019/2020 e 2020/2021, en base ás seguintes:

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira: *Obxecto do convenio***

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (en adiante Consellería) e o Concello de Santiago de Compostela (en adiante Concello) para a xestión e organización do servizo de comedor escolar nos CEIP Apóstolo Santiago, CEIP Ramón Cabanillas, CEIP Cardeal Quiroga Palacios, CEIP Roxos – Vilvestro, CEIP Monte dos Postes, CEIP Mestre Rodríguez Xixirei, CEIP Fontiñas, CEIP Vite I e CEIP Raíña Fabiola, radicados neste concello.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrència pública ao estar motivado por razóns de interese social, xa que o servizo educativo de comedor escolar ten un carácter complementario, compensatorio e social, especialmente destinado a garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade e solidariedade.

Así mesmo, concorre nestes centros de ensino público radicados no concello unha problemática singular, non extrapolable a centros educativos existentes noutros concellos galegos. En efecto, a demanda e necesidades esgrimidas pola comunidade educativa no sentido de que este recurso educativo complementario sexa xestionado a través do concello, así como do desexo do concello de xestionar este comedor escolar, determina a elección do convenio entre a Consellería e o Concello como fórmula idónea neste caso. Por outra banda, esta proposta está contemplada na planificación anual efectuada pola Subdirección Xeral de Recursos Educativos Complementarios, e cumpre todos os criterios obxectivos para a súa concesión.





## **Segunda: Compromisos do Concello**

1.- O Concello prestará o servizo de comedor escolar nos centros docentes enumerados na cláusula primeira deste convenio durante os cursos 2019/2020 e 2020/2021. Este servizo abranguerá as seguintes actividades:

1. A elaboración de comidas cos seguintes requirimentos:

- Os citados menús poñeranse en coñecemento do consello escolar de cada centro educativo, debendo garantirse a adecuación destes ás necesidades nutricionais dos/das usuarios/as do servizo e á inxestión calórica dos nutrientes, así como as características gastronómicas de cada estación do ano.
- O menú será o mesmo para todos/as os/as comensais que fagan uso do servizo, sexa alumnado ou persoal do centro. En calquera caso, o alumnado do centro que teña algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, acreditada mediante certificado médico, disporá dun menú adecuado ás súas necesidades.
- O servizo e distribución dos menús escolares ata as mesas do comedor escolar, o seu reparto entre os comensais e a recollida do material empregado.

2. A vixilancia, asistencia e coidado do alumnado durante a utilización do servizo de comedor, así como nos períodos comprendidos dende a finalización da última clase da mañá ata o comezo da seguinte actividade educativa ou ata a súa volta á casa, de ser o caso. Nestes períodos fomentaranse programas de promoción da saúde, hábitos alimenticios e habilidades persoais.

De acordo co artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia: "Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ser condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Para este efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais"

2.- O Concello asume o financiamento do custo dos comedores escolares dos centros anteriormente citados, contratando a prestación do servizo de comedor escolar para cada centro





educativo, de conformidade cos procedementos e formalidades esixidos pola normativa vixente en materia de contratación pública, así como o control posterior da súa execución, sendo de cargo dos usuarios do citado servizo, de así determinalo o concello, o financiamento dos custos en todo o que exceda da achega económica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

3.- Así mesmo, o Concello comprométese a:

1. Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa normativa vixente en materia de contratación pública.

De acordo co artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia: “Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ser condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. Para este efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais”

2. Sufragar os menús dos coidadores de NEEs, que, durante a súa xornada laboral, han de asistir no comedor aos escolares que teñan asignados, no caso de existiren nos centros cuxos comedores son xestionados polo concello.
3. Cumprir o seu deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.
4. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Incluír en todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, a imaxe institucional da Xunta de Galicia como entidade colaboradora.

### **Terceira: *Compromisos da Consellería***

A Consellería comprométese a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar nos CEIP Apóstolo Santiago, CEIP Ramón Cabanillas, CEIP Cardeal Quiroga





Palacios, CEIP Roxos – Vilvestro, CEIP Monte dos Postes, CEIP Mestre Rodríguez Xixirei, CEIP Fontiñas, CEIP Vite I e CEIP Raíña Fabiola, mediante unha achega económica de 163.226,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 10.10.423A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2019: 26.134,50 €

Ano 2020: 81.613,00 €

Ano 2021: 55.478,50 €

O feito de fixar a achega pública como un importe certo, supón que queda de conta do Concello a diferenza de financiamento necesaria para a total execución da actividade, debendo ser reintegrada, no seu caso, esta achega pública unicamente polo importe que superase o custo total da actividade.

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrencia con ingresos, subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados ou dos/das usuarios/as do servizo, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

#### **Cuarta: Xustificación da contribución económica da Consellería ao Concello**

##### **Gastos subvencionables**

Considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio.

En particular, serán subvencionables os gastos que se deriven da prestación dos servizos de xantar aos/ás usuarios/as. En ningún caso se subvencionarán os almozos ou merendas que se ofrezan nos servizos de comedor.

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso, se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

Nos termos previstos polo artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.





Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o Concello, como consecuencia da adquisición de obrigas acordes co obxecto do convenio, aínda que, se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

### **Documentación que se debe presentar**

Para a percepción da axuda correspondente a cada anualidade será necesario presentar, ante a Subdirección Xeral de Recursos Educativos Complementarios da Consellería, orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

- a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde ou presidente, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
  - o O cumprimento da finalidade da subvención.
  - o Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo Concello imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación:
    - identificación do/s acredor/es,
    - número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e
    - data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a), de ser o caso.
- c) Os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de ser o caso.
- d) Declaración responsable expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas e ingresos percibidos ou solicitados para este proxecto, na que se indique a entidade concedente, a data e o importe total (anexo I).
- e) Declaración responsable, do órgano competente da entidade, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.





Esta declaración será comprensiva do cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (anexo II).

- f) Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (anexo III).
- g) Memoria xustificativa e económica das actividades realizadas, que respectará o contido do anexo IV.
- h) Relacións mensuais do alumnado usuario do comedor escolar.
- i) A conta xustificativa da subvención incorporará, en todo caso, a certificación expedida pola Intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da entidade local, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.

En todo caso, para o libramento da subvención será imprescindible o certificado acreditativo da verificación realizada, emitido pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no que se detallará o alcance das comprobacións practicadas.

### **Períodos e prazo para a xustificación**

#### **Anualidade 2019**

Comprende os gastos realizados dende o 10 de setembro de 2019 ata o 30 de novembro de 2019.

O prazo para a xustificación remata o 10 de decembro de 2019.

#### **Anualidade 2020**

1º Pagamento: Comprende os gastos realizados dende o 1 de decembro de 2019 ata o 20 de xuño de 2020.

O prazo para a xustificación remata o 30 de xullo de 2020.

2º Pagamento: Comprende os gastos realizados dende o 10 de setembro de 2020 ata o 30 de novembro de 2020.

O prazo para a xustificación remata o 10 de decembro de 2020.

#### **Anualidade 2021**

Comprende os gastos realizados dende o 1 de decembro de 2020 ata o 20 de xuño de 2021.

O prazo para a xustificación remata o 30 de xullo de 2021.







### **Pagamento da subvención**

O pagamento da subvención realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o cal se concedeu. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

### **Efectos da falta de xustificación**

A falta de xustificación dos investimentos dentro do prazo establecido, determinará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

#### **Quinta: *Control***

O Concello comprométese a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e/ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

#### **Sexta: *Vixencia***

O presente convenio, unha vez asinado, estará vixente ao longo dos cursos escolares 2017/2018 e 2018/2019.

#### **Sétima: *Causas de resolución***

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades recibidas:

- 1.- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas nel.
- 2.- A aplicación dos fondos outorgados a fins distintos dos que motivaron a concesión.
- 3.- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- 4.- O remate do prazo previsto para a súa vixencia.
- 5.- O mutuo acordo entre as partes asinantes.
- 6.- Cando, por causa de forza maior, as partes, ou unha delas, se vexa imposibilitada para continuar o cumprimento do convenio.





En calquera caso, o acordo de resolución do convenio estará precedido pola denuncia formal do convenio, por calquera das partes mediante comunicación escrita e motivada dirixida á comisión mixta de seguimento do convenio cunha antelación mínima dun mes á data na que deba surtir efectos.

A Consellería esixirá, de non mediar causa que motive e xustifique a resolución do convenio pola outra parte, o reintegro total ou parcial, segundo corresponda, das cantidades indebidamente achegadas e mais os correspondentes xuros, se é o caso.

#### **Oitava: Exoneración de responsabilidades**

A sinatura deste convenio non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que, a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **Novena: Solución de controversias**

Para a coordinación, o seguimento e interpretación das posibles discrepancias na aplicación e/ou interpretación das cláusulas deste convenio, crearase unha comisión mixta que estará integrada polos seguintes membros:

- Dous/dúas representantes da Consellería nomeados/as polo titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, un/unha dos cales actuará como presidente/a.
- Dous/dúas representantes do Concello nomeados/as polo alcalde-presidente da corporación.

O réxime de funcionamento e acordos da comisión axustarase ás normas de funcionamento dos órganos colexiados que se conteñen na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Os acordos adoptados por unanimidade no seo desta comisión, serán vinculantes para as partes e o seu incumprimento terá os efectos previstos na cláusula sétima.

A Administración concedente da subvención ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, nulidade, propias dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa lei de contratos das administracións públicas, ademais das potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencional, como é a da potestade de reintegro, todo iso sen prexuízo da





posibilidade de recurso contencioso administrativo, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Comisión de seguimento terá como obxecto a proposta de solucións aos conflitos que, no seu caso, se produzan ante a administración concedente da subvención.

#### **Décima: Réxime xurídico aplicable**

O presente convenio ten carácter administrativo, por razón do contido e materias sobre as que versa, rexendo os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas ao abeiro do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No non previsto será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003; o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; a Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares e o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Así mesmo, este acordo está suxeito ao Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

O convenio será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

De conformidade co previsto no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información e bo goberno, os asinantes do convenio autorizan expresamente a publicación dos seus datos persoais no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.





Tamén serán de aplicación no non previsto no presente convenio as prescricións do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, e a Orde do 21 de febreiro de 2007, que regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da citada consellería, modificada pola Orde do 13 de xuño de 2008. Igualmente, serán aplicables as prescricións contidas na Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

A conselleira de Educación, Universidade e  
Formación Profesional

O alcalde-presidente do Concello de  
Santiago de Compostela

Carmen Pomar Tojo

Martiño Noriega Sánchez





**ANEXO I**

**DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS  
 MESMAS ACTUACIÓN S E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN  
 NINGUNHA DAS PROHIBICIÓ NS PARA OBTEN ER A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE  
 AXUDAS.**

\_\_\_\_\_ con  
 DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación do  
 Concello \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

**A) Que para a xestión do servizo de comedores escolares deste concello, solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a continuación (1):**

**AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS**

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

**AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS**

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo San Caetano s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 544 400 – Fax: 981 545 443  
www.edu.xunta.es

galicia

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste, ante a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

\_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

(1) indicar expresamente se non se obtivo ou solicitou ningunha axuda



Xacobeo 2021





## ANEXO II

\_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, en  
nome e representación do Concello \_\_\_\_\_, con  
NIF \_\_\_\_\_

### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

Lugar e data

Sinatura





### ANEXO III

## DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

\_\_\_\_\_ con  
DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación do Concello  
\_\_\_\_\_, con NIF \_\_\_\_\_

### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade local á cal representa é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

- Código IBAN (4 díxitos)
- Entidade: (4 díxitos)
- Sucursal: (4 díxitos)
- Díxito Control: (2 díxitos)
- N° conta: (10 díxitos)
- Código BIC (11 díxitos)

Lugar e data

Sinatura







## ANEXO IV

### MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS

Breve descripción das actividades realizadas para a xestión do servizo dos comedores escolares, na que figurará:

- Nome dos centros escolares e número total de usuarios/as que se benefician do servizo de comedor escolar, especificando o número de alumnos/as beneficiarios/as e importes da gratuidade total e da parcial, se é o caso, así como se está establecido un prezo público para a prestación do servizo.
- Programas de desenvolvemento da promoción da saúde, hábitos alimenticios ou habilidades persoais.
- Normativa propia da entidade local aplicable á xestión do servizo de comedor escolar, se é o caso.
- Método de xestión utilizado: xestión directa mediante persoal propio ou xestión por contrato ou concesión, así como duración destes.
- Orzamento global destinado ao servizo de comedor, desagregando o importe que financia a administración e o que aboa directamente o alumnado.
- Cumprimento das condicións impostas no convenio para o desenvolvemento do servizo ou de posibles incidencias que se teñan producido ao longo do curso escolar, de ser o caso.
- Outros datos destacables.

**Por cada centro educativo cumprimentaranse os cadros coa seguinte información:**





**A) DATOS RELATIVOS AOS USUARIOS/AS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR POR CENTRO EDUCATIVO**

<b>2019</b>	Setembro				
	outubro				
	novembro				
	<b>TOTAL ANUALIDADE</b>				
<b>decembro 2019</b>  <b>xaneiro - xuño 2020</b>	decembro				
	xaneiro				
	febreiro				
	marzo				
	abril				
	maio				
	xuño				
	<b>TOTAL ANUALIDADE</b>				
<b>setembro - novembro 2020</b>	setembro				
	outubro				
	novembro				
	<b>TOTAL ANUALIDADE</b>				
<b>decembro 2020</b>  <b>xaneiro - xuño 2021</b>	decembro				
	xaneiro				
	febreiro				
	marzo				
	abril				
	maio				
	xuño				
	<b>TOTAL ANUALIDADE</b>				





**B) ESTIMACIÓN DE COSTOS IMPUTABLES A CADA CENTRO EDUCATIVO**

<b>setembro - novembro 2019</b>	setembro					
	outubro					
	novembro					
	<b>TOTAL ANUALIDADE</b>					
<b>decembro 2019 xuño 2020</b>	decembro					
	xaneiro					
	febreiro					
	marzo					
	abril					
	maio					
	xuño					
	<b>TOTAL ANUALIDADE</b>					
<b>setembro – novembro 2020</b>	setembro					
	outubro					
	novembro					
	<b>TOTAL ANUALIDADE</b>					
<b>decembro 2020 xuño 2021</b>	decembro					
	xaneiro					
	febreiro					
	marzo					
	abril					
	maio					
	xuño					
	<b>TOTAL ANUALIDADE</b>					





**C) CUSTOS UNITARIOS DOS MENÚS**

CONCEPTO	IMPORTE CON IVE
Prezo total unitario do servizo	
Prezo total unitario que aboa o concello	
Prezo que aboan os alumnos con gratuidade parcial	
Prezo que aboan os alumnos que non están bolsados	

**D) NÚMERO TOTAL DE XANTARES SERVIDOS POR CENTRO EDUCATIVO**

CENTRO EDUCATIVO:		Nº TOTAL
<b>setembro –novembro 2019</b>	setembro	
	outubro	
	novembro	
	<b>TOTAL ANUALIDADE</b>	
<b>decembro 2019 - xuño 2020</b>	decembro	
	xaneiro	
	febreiro	
	marzo	
	abril	
	maio	
	xuño	
	<b>TOTAL ANUALIDADE</b>	
<b>setembro –novembro 2020</b>	setembro	
	outubro	
	novembro	
	<b>TOTAL ANUALIDADE</b>	
<b>decembro 2020 - xuño 2021</b>	decembro	
	xaneiro	
	febreiro	
	marzo	
	abril	
	maio	
	xuño	
	<b>TOTAL ANUALIDADE</b>	

Asinado por: POMAR TOJO, CARMEN MARIA  
 Cargo: Consellera  
 Data e hora: 11/06/2019 14:12:25

Asinado por: NORIEGA SANCHEZ, MARTIÑO  
 Cargo: ALCALDE-PRESIDENTE (CONCELLO DE  
 SANTIAGO DE COMPOSTELA)  
 Data e hora: 10/06/2019 10:48:28

CVE: 8HJLL VJ0  
 Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

